



Concello de Cervantes

EXP. 442/2018

Resolución de Alcaldía

Constitución de listaxe de emprego temporal para desempeñar funcións de auxiliar administrativo.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/05/2018 aprobouse convocatoria e bases xerais e específicas de selección para constituír unha listaxe de emprego temporal para desempeñar funcións de auxiliar administrativo ó obxecto de prestar servizos como funcionarios interinos, por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do RD Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no momento que xurdan necesidades urxentes e inaprazables deste tipo de persoal. Dita convocatoria e Bases Xerais e Específicas publicáronse no Boletín Oficial da Provincia n.º 127 de martes 5 de xuño de 2018.

Realizado o proceso selectivo, o Tribunal formulou proposta de listaxe de auxiliar administrativo na que se inclúen, por orde de puntuación, os aspirantes que superaron todas as probas selectivas, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello e na súa web.

Á vista do sinalado,

RESOLVO

1. Que de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local e co establecido nas bases 16 e 20 das Bases Xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter provisional ou temporal, para prestar servizos ao concello de Cervantes publicadas no BOP n.º 127 de martes 5 de xuño de 2018, resolver o proceso selectivo aprobando a proposta do Tribunal Cualificador co contido seguinte:





Concello de Cervantes

N.º orde	Apelidos e nome	Cualificación final
1	DORAL GARCÍA, ÓSCAR	46,000
2	GONZÁLEZ REY, OLGA	41,500
3	GONZÁLEZ NEIRA, MARÍA SOLEDAD	40,222
4	LÓPEZ TEIJEIRO, ZITA	33,654

2. Constituír a Listaxe de persoal para prestar servizos con carácter temporal neste Concello como auxiliar administrativo cos aspirantes incluídos na proposta do Tribunal Cualificador, coa orde establecida na mencionada proposta e co contido que se relaciona no punto anterior. A presente listaxe terá vixencia dende a data de aprobación da presente resolución, publicándose na páxina web e no Taboleiro de Anuncios da Entidade, durante tres anos, dacordo coa cláusula 18 das Bases Xerais.

3. Á hora de producirse chamamentos para cubrir o servizo, si a persoa á que se convoca presentase a súa renuncia, esta quedaría excluída da listaxe, salvo que acredite documentalmente que está a prestar servizos en algunha administración pública. Neste último caso, pasará ó final da listaxe.

Mándao e asíno o Sr. alcalde, D. Benigno Gómez Tadrín, do que eu como secretaria, dou fé.

En Cervantes, na data da sinatura incluída á marxe.

Ante min
A secretaria - interventora,

O alcalde - presidente

Alejandra D. Fandiño Sánchez

Benigno Gómez Tadrín.

